



Confederación Intersindical Galega

ENSINO

www.cig-ensino.com

INFORMA


Xuño 2011

Fronte a incerteza e inseguridade nas oposicións

A CIG-Ensino reafirmase na posición de que se prorrogue para o ano 2012 o actual sistema transitorio de acceso, para facilitar abrir un proceso de negociación e debate, co obxectivo de conseguir que o modelo a aplicar para o ano 2013 teña o maior consenso posíbel. Esta será a posición que defenderá a CIG-Ensino na reunión convocada polo MEC para o día 21 de xuño.

En todo caso, para a CIG-Ensino, o futuro sistema de acceso debe considerar e facilitar a estabilidade no traballo.

ASEMBLEA INFORMATIVA



LUGAR	CONCELLO	HORA	DÍA
Local da CIG (R. Alfonso Molina, s/n)	A Coruña	18:00 h.	13/06/11
Local da CIG (Arcadio Pardiñas, nº 137, 2º)	Burela	19:00 h.	13/06/11
Local da CIG (R. Atranco 19. A)	Cangas	18:00 h.	13/06/11
Local da CIG (R. Eduardo Pondal, 41/43)	Ferrol	19:00 h.	13/06/11
Local da CIG (Ronda da Muralla 58-2º)	Lugo	18:00 h.	13/06/11
Local da CIG (Parque de San Lázaro, 12 - 4º)	Ourense	18:30 h.	13/06/11
Local da CIG (R. Pasantería, 1)	Pontevedra	18:00 h.	13/06/11
Local da CIG (R. Ferro Caaveiro)	Santiago	18:00 h.	13/06/11
Local da CIG (R. Pedro González 5 - 1º)	Verín	18:00 h.	14/06/11
Local da CIG (Gregorio Espino 47)	Vigo	18:00 h.	13/06/11
Local da CIG (R. Alexandre Bóveda, 2, 2º)	Vilagarcía	18:00 h.	14/06/11



Consulta o primeiro borrador do novo decreto de acceso na nosa páxina web:

<http://www.cig-ensino.com/descargas/decretoCIFP.version4.pdf>

O Ministerio de Educación presentounos na Mesa do MEC un novo borrador para un novo sistema de acceso á función pública docente



Na presentación do borrador, o Director Xeral de Formación Profesional afirmou que era unha proposta totalmente aberta e susceptible de ser modificada en toda a súa extensión e que ningunha cuestión era inamovíbel.

O Ministerio solicitounos que as nosas propostas partan de procurar o mellor sistema de acceso para seleccionar o mellor profesorado posíbel, sen que o condicione a situación e solución da interinaxe.

Despois da intervención da CIG-EnsinO e das outras OOSS no sentido de que a estas alturas do curso non é o mellor momento para abrir a negociación dun novo decreto, o Ministerio presenta diferentes escenarios:

a) Que o sistema de acceso para o ano 2012 sexa o que xa está contemplado para despois do período transitivo.

b) Prorrogar un ano máis o sistema de acceso transitorio sempre que haxa un consenso amplo na Mesa Sectorial

do MEC e tamén na Conferencia Sectorial de Educación para modificar o sistema de acceso con base nos criterios presentados neste borrado. É dicir, no ano 2012, o sistema de acceso sería o mesmo có dos últimos 4 anos e o novo aplicaríase a partir do ano 2013.

Sen entrarmos agora a valorar a proposta do Ministerio, desde a CIG-EnsinO apostamos, e así o temos formulado, por prorrogar un ano máis o actual sistema de acceso e negociar con tempo unha nova proposta para o ano 2013.

A CIG-EnsinO vai convocar diferentes reunións para informar e coñecer as opinións e propostas do profesorado interino, substituto e opositores e opositoras.



Algúns aspectos do 1º borrador propostos polo MEC para o acceso á función pública

O MEC presentounos, o día 2 de xuño na Mesa de Ensino Público non Universitario, un borrador de Decreto de ingreso, acceso e adquisición de novas especialidades nos corpos docentes aos que se refire a LOE **totalmente diferente ao actual** (sistema transitorio, Título VI do RD de acceso, ano 2007) e **tamén ao que estaba previsto aplicar a partir do ano 2012**, (Título III do devandito RD) sistema ordinario que consistiría en dúas probas con dúas partes cada unha, de xeito que a primeira parte incluíría unha proba práctica e o desenvolvemento por escrito dun tema e a segunda parte unha programación didáctica e a exposición dunha unidade didáctica. Cada unha das probas tería carácter eliminatorio.

A pretensión do Ministerio é a de **modificar profundamente o modelo de oposición** ao ensino público coa intención de seleccionar o mellor profesorado e que o resultado das probas dependa menos do azar e máis da preparación de cadaquén.

Nesta proposta non se ten en conta a situación do profesorado interino.

De conformidade co establecido na disposición adicional duodécima da LOE, o sistema de ingreso á Función Pública Docente seguirá sendo o de concurso-oposición convocado polas respectivas Administracións educativas. Así mesmo existirá unha fase de prácticas que incluírá formación na práctica educativa, e que constituirá parte do proceso selectivo



PROBAS DA FASE DE OPOSICIÓN (Artigo 21)

A fase de oposición constará de **dúas probas que terán carácter eliminatorio**.

1ª PROBA:

Constará de **dúas partes** que serán valoradas independentemente e **serán tamén eliminatorias**

PARTE A: desenvolvemento por escrito de 10 ou 15 preguntas curtas **sobre todo o contido do temario**

PARTE B: **de carácter práctico**. Serie de probas ou exercicios para comprobar a formación científica e as habilidades técnicas.

Esta proba terá unha valoración conxunta de 0 a 10 puntos. Cada unha delas valorárase de 0 a 5 e, polo tanto, para a superación de cada parte precisase unha puntuación igual ou superior a 2,50.

2ª PROBA:

Consistirá na **preparación e exposición oral** da organización das actuacións necesarias ante un suposto práctico, de entre tres propostos polo Tribunal, relacionado co exercicio das funcións docentes da correspondente especialidade.

Trátase de determinar a competencia didáctica e pedagóxica e **valorárase especialmente a incorporación das TICs á práctica docente**.

Disporase dunha hora de preparación e poderase utilizar o material auxiliar que se considere, así como un guión-presentación informática ou equivalente.

Esta proba valorárase de 0 a 10 e superase cunha puntuación igual ou superior a 5.

A puntuación total da fase de oposición será a media aritmética das dúas probas e superase cando a puntuación sexa igual ou superior a 5.



FASE DE CONCURSO (Capítulo III)

A cualificación da fase de concurso **aplicarase unicamente a quen supere a fase de oposición**. Valorarase na forma que establezan as convocatorias, os méritos dos/as aspirantes: formación académica e experiencia docente previa.

A experiencia docente valorarase cun máximo de 3 puntos (cunha variación entre 0,4 puntos e 0,02 por ano) e a formación académica con outros 3

En calquera caso, **a puntuación máxima da fase de concurso non pode superar os 3 puntos**.

FASE DE PRÁCTICAS (Capítulo V)

A fase de prácticas desenvolverase nun Centro Público docente que deberá contar cun **Plan de Prácticas** no que, entre outras, figurarán as actividades de Formación no centro que deberá realizar o aspirante, así como a programación da asistencia a clases e titorías, en compañía do profesor titular nas ensinanzas ás que se presenta o/a candidato/a.

Esta fase consistirá no desenvolvemento, durante un curso académico, da función docente. O/a aspirante impartirá **docencia directa durante un máximo do 50%** do seu horario baixo a titoría de profesores/as experimentados/as. O resto da súa dedicación desenvolverase segundo o Plan de Prácticas do Centro.

Deberá elaborar **unha memoria didáctica** dun dos cursos impartidos e deberá **presentala e defendela perante un tribunal**

A Administración determinará as características e condicións dos Centros en que se desenvolverán as prácticas así como as características do seu Plan.

AVALIACIÓN DA FASE DE PRÁCTICAS

Constará de “dúas partes” tamén “eliminadoras”:

-Unha **avaliación da función Pública docente** no centro onde desenvolveu as prácticas

-Unha **proba final**, na que se comprobara a adquisición das competencias básicas de aptitude pedagóxica e dominio de capacidades para o exercicio docente

A avaliación da fase de prácticas será cualificada con APTO ou NON APTO, e correrá a cargo dunha **Comisión de Avaliación**, formada por un/unha representante do equipo de ciclo ou departamento, outro de Consello Escolar, o titor/a, o director/a, e o inspector/a do Centro.

Só os que teñan a avaliación de apto pasarán á proba final

En caso de ser avaliado como NON APTO, a Administración poderá autorizar a repetición desta fase por unha soa vez.

A proba final constará á súa vez de dúas partes:

-Presentación e defensa dunha **memoria didáctica**

-Preparación e exposición oral perante o Tribunal dun **suposto práctico** escollido de entre tres propostos polo Tribunal

Esta proba final valorarase globalmente de 0 a 10 puntos, debendo obterse para a súa superación unha nota igual ou superior a 5.

En caso de non superala, poderase repetir a fase de prácticas unha vez máis

EXENCIÓN FASE PRÁCTICAS

Poderán estar **exentos** da fase de prácticas os/as aspirantes que acrediten ter impartido docencia, cando menos **durante un curso escolar completo**, en centros docentes públicos ou privados de ensinanza regrada debidamente autorizados

As persoas exentas, deberán, aínda así, realizar a “segunda parte” da fase de prácticas, é dicir, terán que realizar e superar a proba final

En canto aos requisitos específicos para poder presentarse, cómpre lembrar o seguinte:

Ningunha especialidade docente estará exenta do cumprimento de requisito de acreditación de Master Universitario para o acceso á mesma.

No entanto, no que se refire ao ingreso nas especialidades do corpo de profesores Técnicos de FP así como en ensinanzas artísticas profesionais e ensinanzas deportivas, a acreditación deste requisito queda diferida ata que a dita formación sexa regulada polo MEC.

Non será necesario a posesión do citado título por parte dos/das que acrediten ter obtido con anterioridade ao 1 de outubro de 2009 algún dos seguintes requisitos:

-Estar en posesión do Título Profesional de Especialización Didáctica, do Certificado de Cualificación Pedagóxica ou do Certificado de Aptitude Pedagóxica.

-Estar en posesión dun título universitario oficial que habilite para o exercicio da profesión de Mestre ou dun título de Licenciado en Pedagogía ou psicopedagogía así como de calquera outro título de licenciado ou outra titulación declarada equivalente ao mesmo que inclúa formación pedagóxica e didáctica.

-Ter impartido docencia durante un mínimo de 12 meses en centros públicos ou privados de ensinanza regrada debidamente autorizados



Os nosos locais

Santiago (Local Nacional)

Rúa Miguel Ferro Caaveiro nº 10.
Santiago de Compostela. cp.15706.
Tlf. 981576800 Fax. 981575839
santiago@cig-ensino.com

A Coruña

Rúa Alfonso Molina s/n
Tlf. 981169810 Fax. 981291735
15007. A Coruña
acorunha@cig-ensino.com

Baixo Miño

Praza da Guía 3, baixo
36780. A Guarda
Tlf. 986610465 Fax. 986610465
baixominho@cig-ensino.com

Morrazo

Rúa Atranco 19A, ench. 1
36947. Cangas
Tlf. 986302987 Fax. 986302987
morrazo@cig-ensino.com

Ferrol

Rúa Eduardo Pondal 41-43,
15403. Ferrol
Tlf. 981358750 Fax. 981358760
ferrol@cig-ensino.com

Lugo

Rda de Muralla 58, bxo.
27003. Lugo
Tlf. 982245023 Fax. 982253891
e-mail: lugo@cig-ensino.com

Ourense

P. de San Lázaro 12, 4º
32003. Ourense
Tlf. 988238350 Fax. 988222855
ourense@cig-ensino.com

Pontevedra

R. Pasantería 1, 2ºesq.
36002. Pontevedra
Tlf. 986861513 Fax. 986855050
pontevedra@cig-ensino.com

A Mariña

27700. Ribadeo
Avda de Galicia 20, 1º
Tlf. 982129593 Fax. 982129593
amarinha@cig-ensino.com

Val de Monterrei

R. Pedro González 5, 1º
32600. Verín
Tlf. 988412345 Fax. 988411013
verin@cig-ensino.com

Vigo

R. Gregório Espino 47, bxo.
36205. Vigo
Tlf. 986827935 Fax. 986262844
vigo@cig-ensino.com

Salnés

R. Alexandre Bóveda 2, 2º
36600. Vilagarcía
Tlf. 986505323 Fax. 986505323
salnes@cig-ensino.com